

BASES

V TROFEO DISTRIBUNOSA- CONCELLO DE RIANXO

31 DE AGOSTO DE 2013

Válido para ELO FIDE.

Válido para o VIII Circuito Galego de Promoción

Organiza: Club Xadrez Rianxo e Concello de Rianxo

Patrocina: Distribunosa

Colabora: Xunta de Galicia, Deputación de A Coruña, Deporte Galego, Federación Galega de Xadrez e Conservera de Rianxo

Local de xogo: Pabillón municipal de Rianxo

Ritmo de xogo: Sistema suizo a 7 ou máis rondas segundo o número de inscritos.

Será de 15 minutos + 3 segundos/xogada para a categoría absoluta e 15 minutos finish para as categorías sub 8, 10, 12, 14 e aficionados. Acelerado na categoría absoluta.

Categorías:

Sub-8: nados no ano 2005 e posteriores.

Sub-10: nados nos anos 2003-2004.

Sub-12: nados nos anos 2001-2002.

Sub-14: nados nos anos 1999-2000.

Afeccionados: xogadores non federados ou sen elo que desexen participar.

Absoluta: xogadores federados. VÁLIDA PARA ELO FIDE.

Todos os menores de 14 anos que teñan ELO FIDE poden xogar na categoría absoluta.

Calendario de xogo:

10:30: Presentación das listas de xogadores.

11:00: Rolda 1ª.

11:50: Rolda 2ª.

12:40: Rolda 3ª.

15:30: Rolda 4ª.

16:20: Rolda 5ª.

17:10: Rolda 6ª.

18:00: Rolda 7ª.

19:30: Clausura, entrega de premios.

Inscripcións:

6 euros antes da primeira rolda no local de xogo.
Exentos xogadores titulados (agás Mestre Candidato), menores de 14 anos que non xoguen na categoría absoluta, os xogadores da categoría afeccionados e xogadores do Club Xadrez Rianxo.

Deberá facerse en escolaxadrezrianxo@gmail.com ou en www.xadrezrianxo.com indicando o nome, apelidos, data de nacemento, club, categoría e ELO FIDE (da última lista publicada pola FIDE antes do inicio do torneo).

O prazo límite para inscribirse será o xoves 29 de agosto ás 12:00h.

Permitiranse dous *byes* de 0 (cero) puntos dentro das catro primeiras roldas. Para solicitalos haberá que enviar un correo electrónico con “acuse de recibo” que deberá ser validado polo organizador.

Premios:

Categoría absoluta:

Xeral:

1º clasificado: 500 € + trofeo Distribunosa

2º clasificado: 300 € + trofeo

3º clasificado: 200 € + trofeo

4º clasificado: 100 €

5º clasificado: 75 €

6º clasificado: 50 €

7º clasificado: 50 €

8º clasificado: 25 €

Equipos:

1º clasificado: trofeo

2º clasificado: trofeo

3º clasificado: trofeo

Tramos de ELO:

1º sub-2200 100 € + trofeo 2º sub-2200 50 € 3º sub-2200 25 €

1º sub-2000 100 € + trofeo 2º sub-2000 50 € 3º sub-2000 25 €

1º sub-1800 100 € + trofeo 2º sub-1800 50 € 3º sub-1800 25 €

1º sen ELO FIDE 50 € + trofeo

1º veterán 50 € + trofeo

1º feminino 50 € + trofeo

1º local trofeo

1º sub 18 trofeo

Para os premios dos equipos contarán os catro mellores taboleiros clasificados podendo ter inscritos un mínimo de tres xogadores.

Os premios non son acumulables. En caso de gañar dous aplicarase o de maior cuantía.

Categoría afeccionados: Trofeo aos tres primeiros clasificados.

Categoría sub-14, 12, 10 e 8: Trofeo aos cinco primeiros clasificados.

Sortearáanse importantes regalos e todos os participantes recibirán un agasallo.

Para recoller os premios é obrigatorio estar na cerimonia de clausura.

BASES TÉCNICAS:

O árbitro principal será o árbitro FIDE Francisco Ogando González.

- Antes do inicio da primeira rolda publicaranse a orde de forza só ordenada por ELO FIDE DE RÁPIDAS, tendo en conta a lista previa da FIDE. Si un xogador non tivera ELO de rápidas na FIDE, o seu ELO FIDE de xadrez standard será considerado como o valor inicial do ELO FIDE de rápidas.
- Todos os xogadores e xogadoras deberán estar federados antes do inicio do torneo, (circular 3/2013 da FEDA para torneos valedeiros para ELO).
- **Empregarase o programa Swiss Manager para realizar os emparellamentos.**
- Non se permitirá analizar partidas na sala de xogo.
- **O tempo de retraso permitido será de 15 minutos**, pasados os cales o xogador que non compareza perderá o encontro.
- O xogador que teña unha incomparecencia sen causa xustificada será retirado do torneo.

SISTEMAS DE DESEMPATE

- O **primeiro** sistema de desempate será o **encontro directo**, sempre que todos os xogadores empatados xogaran entre eles.
- O **segundo** sistema de desempate será o **maior número de vitorias**.
- O **terceiro** sistema de desempate será o maior número de partidas xogadas con pezas negras. Os encontros non disputados contarán como xogados con pezas brancas.

- O **cuarto** sistema de desempate será a **Variante Brasileira do Bucholz* (quitando a peor puntuación)**
- O **quinto** sistema de desempate será a **o Bucholz total***.
- De persistir o empate tras aplicar os sistemas anteriores, os xogadores implicados xogan un Armaxedón (morte súbita) a unha partida, o branco con 5 minutos e o negro con 4 minutos, gañando o desempate as negras en caso de taboas. Esta partida será supervisada polo árbitro principal.

(*) No desempate do Bucholz, aplicarase a variante do oponente virtual nas partidas non disputadas.

- O artigo 10.2 non será de aplicación.
- Unha rolda feita pública non se poderá modificar, salvo que o árbitro decida outra cousa.
- Si se introduce un resultado mal e se publica a rolda, esta non se modificará a non ser que o árbitro principal decida outra cousa.
- Aplicarase o especificado no apéndice A das leis de xadrez da FIDE para xadrez rápido (ACTIVO).
- A participación no torneo supón a aceptación destas bases.
- As presentes bases poderán ser modificadas sen previo aviso, sen outra obriga que publicalas na web <http://www.xadrezrianxo.com/>

Nota: Os participantes no torneo autorizan a publicación dos datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listaxes de resultados, clasificacións, participantes, xogos, etc.)

A inscrición no torneo implica a aceptación deste regulamento.

A organización reservase o dereito de admisión.

